

## RESOLUCIÓN POLA QUE SE MODIFICA O PERÍODO PARA A COLOCACIÓN DE CORDAS COLECTORAS DE SEMENTE DO MEXILLÓN NO ÁMBITO DE COMPETENCIA DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO

### ANTECEDENTES

1. Por Resolución do 27 de setembro de 2023 da Xefatura Territorial de Vigo, resolveuse modificar o período polo que se autoriza a colocación de cordas colectoras de semente do mexillón en bateas, establecido no artigo 36.2 do Decreto 406/1996, do 7 de novembro, no ámbito da súa competencia territorial ata o 30 de novembro do 2023.
2. O 23 de novembro do 2023, a Organización de Produtores de Mejillón de Galicia (OPMEGA) solicita que se prorrogue o tempo de permanencia de cordas colectoras ata o 31 de decembro de 2023.
3. O 28 de novembro do 2023, a Asociación de Produtores Mexilloeiros Ría Nosa de Moaña, solicita igualmente a prórroga do tempo de permanencia de cordas colectoras ata o 31 de decembro de 2023.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O artigo 36 do Decreto 406/1996, do 7 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de viveiros de cultivos mariños de Galicia, dispón:

*"1. Poderán colocarse cordas colectoras de semente do mexillón sempre que o número total de cordas da batea non sobrepase a densidade e número máximo a que se refire o artigo anterior.*

*2. Independentemente do recollido no punto anterior, no período que vai dende o 1 de abril ata o 30 de setembro, autorízase a colocación de cordas colectoras de semente do mexillón en bateas de modo que o seu número non sobrepase as 100 respecto ao máximo que lle corresponde á dita batea.*

*Cando fenómenos medioambientais excepcionais alteren o ciclo normal de reprodución da especie, modificándose a época de fixación larvaria, a **delegación territorial** (agora xefatura territorial), dentro do ámbito da súa competencia **poderá variar o dito período, previa petición da maioría de entidades representativas do sector e informe da correspondente unidade técnica administrativa.***

*En todo caso, unha vez finalizado o período, o número de cordas axustarase ao que corresponda á batea.*

*3. As cordas colectoras, que terán libre un dos seus extremos, non poderán ter máis de cinco metros de lonxitude contados a partir da superficie do mar. Cada unha delas deberá estar claramente identificada mediante unha marca de color roxo intenso, na súa parte superior, dunha lonxitude mínima de 30 cm que a diferencia perfectamente das cordas de engorde."*





2. O Director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica emitiu informe o 30 de novembro de 2023, respecto das solicitudes relacionadas nos antecedentes desta resolución, no que deixa constancia de que *“non observa ningún inconveniente en que se conceda con carácter excepcional as pretensións mencionadas.”*

3. De acordo co citado artigo 36.2 do Decreto 406/1996, do 7 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de viveiros de cultivos mariños de Galicia, a competencia para ditar a presente resolución correspóndelle ao xefe territorial correspondente.

Á vista do exposto, **RESOLVO**

Modificar o período polo que se autoriza a colocación de cordas colectoras de semente do mexillón en bateas, establecido no artigo 36.2 do Decreto 406/1996, do 7 de novembro, de forma que, no ámbito de competencia territorial desta xefatura, as ditas cordas poderán colocarse ata o 31 de decembro do 2023.

A dita modificación do período de colocación das cordas colectoras queda suxeita ás seguintes condicións:

**Primeira.** A ampliación afecta á permanencia das cordas colectoras colocadas no período legalmente establecido neste ano 2023, tendo en conta que por resolución da Dirección xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica do 1 de marzo de 2023, autorizouse con carácter extraordinario e atendendo ás circunstancias excepcionais, a colocación de ata 50 cordas colectoras máis por batea, así como o aumento de lonxitude das cordas colectoras ata os 12 metros en todos os polígonos de cultivo de Galicia.

Non se autoriza a colocación de novas cordas colectoras respecto das xa colocadas no período legalmente establecido.

**Segunda.** As persoas concesionarias que fagan uso destas condicións deberán comunicar previamente e con antelación suficiente o número de cordas colectoras que permanecerán no período extraordinario, do 1 ao 31 de decembro de 2023, indicando o nome do viveiro e a súa localización, á Subdirección Xeral de Acuicultura, Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar. A comunicación poderá ser realizada a través do modelo PR004 ou a través do correo electrónico servizo.innovación.[acuicultura.cmr@xunta.gal](mailto:acuicultura.cmr@xunta.gal).

En todo caso, para os efectos de realizar o correspondente seguimento técnico, os titulares dos viveiros deben colaborar co persoal da Consellería do Mar facilitándolles a información que lles sexa requirida.

**Terceira.** De acordo co artigo 36.3 do Decreto 406/1996, do 7 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de viveiros de cultivo nas augas de Galicia, as cordas colectoras terán libre un dos seus extremos e deberán estar claramente identificadas mediante unha marca de cor vermella intensa, na súa parte superior, dunha lonxitude mínima de 30 cm que as diferencien perfectamente das cordas de engorde.





Contra a presente resolución, que non pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Conselleira do Mar, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Vigo

A xefa territorial

